

## RÉXIME DE PAGAMENTO DE COTAS

(Acordado en Asemblea Xeral Ordinaria do 29 de outubro do 2016)

As cotas de soci@ compóñense de tres conceptos:

- Cota de soci@ con obradoiros. 150 € Anuais
- Cota dos obradoiros. 150 € Anuais
- Cota de soci@s sin obradoiros. 100 € Anuais

COTA DE SOCI@S		
CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE EMISIÓN
1ª cota trimestral de todos os soci@s	50 € / FAMILIA	A partir do 15 de SETEMBRO
2ª cota trimestral de de todos os soci@s	50 € / FAMILIA	A partir do 15 de MARZO
3ª cota trimestral de só soci@s con obradoiros	50 € / FAMILIA	A partir do 15 de MAIO

COTA DOS OBRADOIROS		
CONCEPTO	IMPORTE	DATA DE EMISIÓN
Cota Obradoiros 1º Cuadrimestre	1 FILL@ 75€	A partir do 15 XULLO
	2 FILL@S 112,5€	
	3 FILL@S 150€	
Cota Obradoiros 2º Cuadrimestre	1 FILL@ 75€	A partir do 15 de XANEIRO
	2 FILL@S 112,5€	
	3 FILL@S 150€	

LIÑA TEMPORAL DE COBRO DE COTAS				
XULLO	SETEMBRO	XANEIRO	MARZO	MAIO
COTA OBRADOIRO	COTA SOCI@S	COTA OBRADOIRO	COTA SOCI@S	COTA SOCI@S

Lido e conforme:

Data:

Acéptase sinatura dixital

1. A domiciliación bancaria de recibos é **OBRIGATORIA**.
2. No caso de devolución sistemática de recibos, a praza nos obradoiros quedará vacante, e **perderase o dereito de asistencia**.

No caso de devolución dun recibo, e sempre que se trate dunha circunstancia puntual, a incidencia poderá ser tratada de xeito individual cos socios implicados. Os gastos xerados pola devandita devolución correrán a cargo do soci@.

3. A data límite para darse de baixa de cara ao segundo cuadrimestre de obradoiros dun curso en vigor é o **15 de xaneiro**, e de cara ao vindeiro curso, o **1 de xullo**.

A baixa implica cumprimentar o formulario colgado a tal efecto na web e remitilo en prazo ao correo [info@altascapacidadesgalicia.org](mailto:info@altascapacidadesgalicia.org)

4. É posible ser soci@ de ASAC-GALICIA sen que os fill@s de altas capacidades asistan aos obradoiros. En tal caso, os recibos de cota trimestral de soci@s pasaranse de igual xeito nas datas anteriormente sinaladas.
5. As familias que se atopen neste caso poderán darse de baixa **UN MES ANTES da data programada para a domiciliación do recibo de cada unha das tres cotas trimestrais de socios** cumprimentando o formulario de baixa colgado na web e remitíndoo ao correo [info@altascapacidadesgalicia.org](mailto:info@altascapacidadesgalicia.org)
6. As familias con nen@s que se incorporen aos obradoiros ao principio dun curso terán que **facerse cargo da cota dos obradoiros do 1º cuadrimestre en vigor ao mesmo tempo que do recibo da primeira cota trimestral de soci@s**.
7. As familias con nen@s que se incorporen aos obradoiros a metade dun curso terán que **facerse cargo da cota dos obradoiros do 2º cuadrimestre en vigor ao mesmo tempo que do recibo da segunda cota trimestral de soci@**. E a terceira cota de socio ao mesmo tempo que o resto dos socios.
8. É posible solicitar **bolsas de carácter interno** para quedar exentos das cotas de obradoiros. Os prazos de solicitude das mesmas publicaranse na web, así como os criterios para valorar a adxudicación das mesmas.
9. Se fora necesario, as familias cunhas circunstancias especiais (familias monoparentais, familias numerosas, familias con poucos recursos económicos, etc), poden solicitar unha **flexibilización do calendario de cotas** e pactar coa **Tesourería de Asac Galicia** outras modalidades de pago diferentes á domiciliación bancaria.